


## 15.º Curso de verán sobre dinamización lingüística. Traballando en lingua no turismo



17 e 18 de xullo de 2019

Fórum Carballo.

Praza dos Bombeiros Voluntarios.  
Carballo

Nesta 15.ª edición do curso de verán o traballo centrarase en como potenciarmos o uso da lingua no turismo e nas ferramentas para a transmitirmos desde diversos ámbitos. Utilizarmos o galego como un valor e un recurso que teña interese en ser coñecido e valorado polo turismo.

As sesións constan de conferencias, mesas redondas e obradoiros prácticos en que se analiza o por que, como, onde e cando deixamos de utilizar o galego ao entrar en contacto con xente de fóra. Haberá turistas que se poidan decantar por Galiza por termos lingua propia?.

Estas e outras cuestións centrarán o programa do curso, a que trataremos de dar resposta. Alén disto, tamén se dedican sesións destinadas a reparar no éxito de produtos que só utilizan a lingua propia para se dar a coñecer.

### Persoas destinatarias

Persoas que traballan ou que están interesadas no proceso de normalización da lingua galega, especialmente técnicos/as de normalización lingüística, docentes, dinamizadoras/es socioculturais, estudantes, membros de asociacións, de empresas de dinamización social, lingüística ou cultural, técnicas/os de cultura, animadoras/es, intérpretes, tradutoras/es etc.

### Obxectivos

- Analizar, valorar e/ou deseñar estratexias e accións para a posta en valor, incremento do uso e visibilización do galego en ámbitos turísticos.
- Detectar e analizar problemas e prexuízos existentes arredor do uso da lingua galega nos ámbitos relacionados coa presenza de turistas e/ou persoas non coñecedoras do galego.
- Valorar o galego e a cultura propia como recurso de interese turístico.
- Deseñar unha proposta de boas prácticas lingüísticas no ámbito turístico.
- Coñecer e poñer en valor experiencias positivas de uso do galego en ámbitos turísticos.

### +Info:

Servizo de Normalización Lingüística  
da Universidade da Coruña  
881 011 042, 881 011 055, 881 013 683  
snl@udc.gal

### Custo

O custo da matrícula inclúe a participación en todas as actividades do curso, o material que se utilizar, os cafés conxuntos e o xantar dos dous días.

Para estudantes de calquera universidade, comunidade universitaria da UDC e persoas desempregadas: 30 €  
Para as demais persoas: 50 €

### Matrícula

O número de participantes está limitado a 65 persoas, por orde de inscrición. A matrícula é en liña (preme aquí)  
O prazo remata o día 10 de xullo.

### Colaboran

Concello de Carballo  
Secretaría Xeral de Política Lingüística  
da Xunta de Galicia

### Organiza

Universidade da Coruña  
Servizo de Normalización Lingüística  
Vicerreitoría de Estudantes, Participación  
e Extensión Universitaria

### Dirección e Secretaría

Xosé Manuel Sánchez Rei, profesor da  
Facultade de Filoloxía  
Marisol Ríos Noya, coordinadora do  
Servizo de Normalización Lingüística



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

17.07.2019

- 09.00 h Recepción e entrega de documentación
- 09.30 h Inauguración e benvinda  
**Valentín García Gómez**, secretario xeral de Política Lingüística  
**Julio Abalde Alonso**, reitor da Universidade da Coruña  
**Evencio Ferrero Rodríguez**, alcalde de Carballo  
**Marisol Ríos Noia**, coordinadora do SNL da UDC  
**Xosé Manuel Sánchez Rei**, director do curso
- 10.00 h **Unha lingua como unha catedral**  
**María Elvira Lezcano González**, profesora da EU de Turismo da UDC
- 11.00 h Café conxunto
- 11.30 h **Galego e organización cultural desde o exterior**  
**Matías Martínez Abeijón**, profesor de linguas modernas na Universidade de Cleveland
- 12.30 h **O galego, máis un recurso no turismo de museos**  
**Olga Conde Abalde**, historiadora da arte, exadministradora do CITA (Centro de Interpretación das Torres Arcebispais de Pontevedra) (Moderadora)  
**Fuco Sanjiao**, secretario do Padroado do Museo do Pobo Galego  
**Manuel Ramos**, historiador da arte e guía da Torre de Hércules  
**Rosa Brañas Abad**, profesora da Facultade de Historia da Universidade de Vigo
- 14.30 h Xantar conxunto
- 16.00 h Análise e propostas  
**A lingua galega como máis un atractivo turístico**  
**Jakson Renner Rodrigues**, profesor da EU de Turismo da UDC
- 17.00 h Mesa redonda **A lingua do turismo nos concellos galegos**  
**María Traveso Lago**, membro do equipo Promove Consultora (Moderadora)  
**Anabel Gulías Torreiro**, concelleira de Promoción Económica e responsable da Sociedade Mercantil Turismo de Pontevedra S.A.  
**María Cristina Cid Fernández**, alcaldesa de Allariz e concelleira da Promoción Económica, Turismo e Comercio  
**Xosé Regueira Varela**, deputado provincial e concelleiro de Promoción Económica e Normalización Lingüística do Concello de Carballo
- 18.30 h Descanso
- 19.00 h Obradoiro **Deseñar produtos turísticos en que a lingua é un valor**  
**Fátima Rodríguez Figueiras**, membro do equipo de Promove Consultora

18.07.2019

- 09.30 h **A lingua e a súa importancia nas visitas guiadas**  
**Iria Varela Parafita**, vogal da Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia
- 10.30 h Mesa de experiencias  
**O suceso coa lingua no ámbito da restauración**  
**Manuel Gago Mariño**, xornalista e profesor da USC, autor do blog Capítulo Cero (Moderador)  
**Paula Fraga**, guía oficial de turismo e creadora do proxecto «Octopus to the Party»  
**Xan Galbán Galiñanes**, cociñeiro e xerente do hotel e restaurante María Castaña  
**Xosé Gontá**, socio de espazo enocultural Vide Vide!  
**Javier Olleros**, cociñeiro do restaurante Culler de Pau
- 12.00 h Café conxunto
- 12.30 h Mesa de experiencias  
**O galego nos festivais, un valor necesario**  
**Rosalía Fernández Rial**, escritora (Moderadora)  
**Beatriz Corral**, asesora técnica na Secretaría Xeral de Política Lingüística  
**Xaime Garaboa**, Fundación Galicia Sustentable, (Responsables de «O galego crea ambiente» Fest Galicia)  
**Alfonso Pato**, director do Festival de Cans.  
**Alberto Sueiro Pastoriza**, director do FIOT (Festival Internacional Outono de Teatro)
- 14.30 h Xantar conxunto
- 16.00 h Potencialidades do turismo idiomático en Galicia  
**Lanzada Calatayud Álvarez**, xerente do Consorcio de Turismo da Coruña
- 17.00 h Experiencias de intervención  
Mesa redonda **A música en galego como atractivo turístico dentro e fóra da Galiza**  
**Xurxo Souto**, cantante e escritor (Moderador)  
**MJ Pérez**, cantautora  
**Belém Tajés**, cantante, compositora e instrumentista  
**Lydia Botana «Bolboreta»**, música multiinstrumentista
- 18.30 h Descanso
- 19.00 h Obradoiro **Deseñar rutas turísticas en galego**  
**Encarna Otero Cepeda**, historiadora